

Unha historia recente

Mario Regueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

REGUEIRA, MARIO (2011 [2007]). “Unha historia recente”. *Vieiros*. “Cartafol de Libros”.

<<http://vello.vieiros.com/murguia/nova.php?Ed=38&id=56388&cm=1>>.

Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/230>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

REGUEIRA, MARIO (2007). “Unha historia recente”. *Vieiros*. “Cartafol de Libros”.

<<http://vello.vieiros.com/murguia/nova.php?Ed=38&id=56388&cm=1>>.

Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir do URL indicado. Consulta: 20/01/2011.

UNHA HISTORIA RECENTE

[RECENSIÓN DO LIBRO DE MIGUEL LOUZAO *LETRAS DE CAL NA PRODUCCIÓN POÉTICA GALEGA DOS 90*, 2007]

Mario Regueira

Non deixa de chamar a atención que a nosa historiografía literaria teime moitas veces en perseguir unha simultaneidade imposible co seu obxecto de estudo. Os textos de análise sobre o fenómeno da poesía dos 90 naceron paralelamente ao seu desenvolvemento, interferindo profundamente nel en moitos casos. O presente ensaio, aínda afastándose bastante dunha situación así, analiza unha parte moi recente do noso devir literario. Agora mesmo (febreiro de 2007), nen sequera veñen de pasar cinco anos da finalización do fenómeno estudado. Facer unha periodización ou chegar a unhas conclusións tan sobre a marcha non está exento de riscos inherentes ao feito de pertencer a un tempo próximo ou contiguo ao obxecto de estudo. Porén, tamén ten a vantaxe de establecer unha visión o menos contaminada posíbel pola distancia temporal.

Un dos méritos destacábeis do libro de Miguel Louzao pasa precisamente por aí. A procura dunha visión tan próxima no tempo non sería asumíbel sen apelar a un campo de estudo moi ben delimitado e a un achegamento o máis obxectivo posíbel. Ante a posibilidade de tomar como referencia unha noción tan vaga como “poesía dos 90”, o autor prefire centrarse no fenómeno concreto do proxecto editorial Letras de Cal. Iso elimina, en primeiro lugar, o risco de caer nunha categorización xeracional que aínda hoxe non se considera clara, e moito menos fechada, e achégase a un feito obxectivo e incontestábel. O fenómeno analizado reúne figuras que pertencerían a momentos xeracionais distintos e que estarían relacionadas só polo feito de participar en tal proxecto.

As dúas primeiras partes do libro detéñense por tanto na descrición detallada dese campo de estudo. Cun traballo intenso e admirábel Louzao pasa revista na primeira a todo o panorama do sistema literario galego anterior e contemporáneo á existencia de Letras de Cal. Desde o desenvolvemento das actividades de editoras, revistas e premios, até a existencia de grupos poéticos consolidados na época. Na segunda tamén se analizarán os materiais de repertorio poético priorizados ao longo da década dos oitenta e os seu desenvolvemento na década seguinte tras a aparición da editora independente no sistema.

Na terceira parte o libro analizará o xurdimento, devir e finalización do proxecto de Letras de Cal, así como a súa fortuna na relación coa crítica e o significado e influencia dos seus proxectos colectivos, como por exemplo as dúas antoloxías que a editora deu á luz. Se en algo se poden deixar notar os riscos antes mencionados se cadra sexa especialmente nesta parte. Por unha banda contribúese á remitificar o suceso do I Encontro de Escritores/as Novos/as entre Rafa Villar e Uxío Novoneyra. Dician Deleuze e Guattari que nunha literatura *menor* os pequenos acontecementos teñen grandes repercusións. Non sería lugar este para analizar se a literatura galega estaría dentro das coordenadas do que eles

definen como literatura *menor*, pero si podemos afirmar que tal afirmación acae moi ben á nosa realidade. Fenómenos que noutros sistemas literarios pasarían por unha simple anécdota, teñen sido redimensionados, sen atender moitas veces ao seu impacto real no sistema ou a outras interpretacións posíbeis.

Con esa definición deleuziana en mente, tamén podemos aludir á teoría de incertidume de Schrödinger, que di que o obxecto de estudo se ve alterado pola ollada do investigador. Podemos preguntarnos así se as valoracións que se fan do xeito no que os poetas de Letras de Cal mudaron a súa posición no sistema dada a súa participación na editora, non se verían xa afectadas pola publicación do estudo, e mesmo por esta mesma crítica. A configuración dun grupo poético ou proxecto similar como obxecto dos estudos literarios supón xa unha variación do peso dos seus membros dentro do sistema, máxime nun sistema cunhas características tan peculiares coma o noso.

O propio autor manifesta xa no prólogo a súa dificultade para acceder ás testemuñas dalgúns dos participantes de Letras de Cal. Se callar outro punto no que a análise se resinta sexa precisamente no excesivo peso dalgunhas destas testemuñas, que se descompensa coa ausencia de outras, alén de non producirse en ningún momento un contraste entre elas.

Hai que destacar que, apesar disto, Louzao actúa cunha grande independencia nas súas análises e atrévese a colocar a interesante cuestión de se existiu realmente unha creba xeracional entre a chamada poesía dos 80 e a dos 90 ou se sinxelamente nos atopamos con dous grupos sucesivos cronoloxicamente con tomas de posición diferentes (léase segundo a teoría dos campos de Bourdieu). Nese sentido podemos dicir que se por unha parte se pode producir unha certa mitificación de determinados feitos, tamén é certo que tal mitificación non afecta á parte máis importante da obra.

Finalmente, na cuarta parte e máis nas conclusións analízase a influencia de Letras de Cal no sistema literario ao longo da década dos 90, incidindo nas variacións con respecto á situación anterior e prestando tamén atención ao fenómeno da autoría feminina e á mudanza do centro xeográfico da produción poética. A análise, que se guía fundamentalmente polas aportacións de Itamar Even-Zohar e máis de Pierre Bourdieu, presenta, como dixemos, a virtude e o defecto de aludir a unha época moi recente da nosa historiografía. Precisamente niso, nos problemas que aínda hoxe se evidencian respecto desa época, e no feito de aludir a unha fase evidentemente transitiva no noso sistema literario radica o seu principal interese.

O libro foi premiado co “Premio de Investigación Lingüística e Literaria *Ricardo Carvalho Calero*” do Concello de Ferrol.